

PLAN ANUAL DE LECTURA



CEIP A MAIA

Bertamiráns- Ames

**Biblioteca Agustín
Fernández Paz**



CURSO 2023-2024



A. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN LECTOR

- Favorecer que o alumnado use a biblioteca como espazo de lecer e de aprendizaxe.
- Fomentar o gusto pola lectura e o desenvolvemento do hábito lector no noso alumnado.
- Potenciar o funcionamento da biblioteca como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe.
- Constituírse como un elemento dinamizador no centro, en tanto favorece o desenvolvemento das competencias clave, en especial a competencia en comunicación lingüística.

B. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.

- Converter ao alumnado en lectores competentes capaces de comprender, interpretar e manexar textos en diferentes formatos e soportes.
- Realizar actividades que posibiliten a expresión oral e escrita en ambas linguas cooficiais, empregando diferentes formatos e soportes.
- Potenciar a educación documental para a elaboración de diferentes traballos e proxectos.
- Contribuír á educación literaria do alumnado.
- Continuar adquirindo fondos para fornecer a biblioteca de centro de diversidade de lecturas.
- Realizar o empréstimo de libros durante o tempo de recreo mais tamén a través das titorías.
- Formar aos novos usuarios, ao alumnado axudante de biblioteca e ao profesorado do centro, en especial no uso de Koha e no empréstimo de libros.
- Implicar ás familias en actividades relacionadas coa biblioteca.

C. ESPAZOS E TEMPOS DE LECTURA



- **Actividades de dinamización lectora.**

Faremos propostas de dinamización lectora para implementar nas aulas ou ben para realizar na propia biblioteca: lecturas que poden ser dun mesmo libro (banco de libros), actividades internivel como amadriñamentos lectores, contacontos, dramatizacións... Ao non existir este curso a *Hora de ler*, o profesorado do centro será quen decida en a súa temporalización.

Desde a biblioteca organizaremos un espazo con volumes que consideramos interesantes como lecturas recomendables para as distintas idades. Estes libros están a disposición para lecturas en gran grupo. Estes volumes poden formar parte dos itinerarios lectores; ou ben, as persoas que integren os distintos niveis proporán outros títulos. Desde a biblioteca intentarase fornecer dos fondos.

- **Biblioteca**

A biblioteca abrirase a todo o centro desde o mes de outubro, sendo posible o seu uso durante o recreo como espazo de lectura e goce persoal. Tamén será posible o préstamo de libros durante este tempo, así como o uso de xogos educativos (un día específico para cada nivel educativo). Contaremos alumnado colaborador na biblioteca, sendo este do último curso de primaria.

Así mesmo organizarase un sistema de quendas para que cada aula de primaria teña unha sesión de uso preferente da biblioteca.

O edificio de infantil conta cun espazo de lectura propio.

D. PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Coordinar e colaborar no desenrolo do Plan Lector.
- Elaborar un programa de actividades de animación a lectura.
- Formar novos usuarios.
- Elaborar actividades para festexar o Día das bibliotecas escolares, o Día da poesía e o Día do libro.
- Colaborar noutras conmemoracións que se leven a cabo no centro.
- Realizar o préstamo dos seus fondos.
- Dinamizar accións para lograr a implicación das familias.

E. SECCIÓNS

- Biblioteca de aula. Todas as aulas teñen unha pequena biblioteca con libros mercados por elas ou prestados pola biblioteca do centro.
- Espazo nos corredores para exposición de fondos e traballos.
- Biblioteca de centro.

F. RUTINAS DE LECTURA

- Actividades nas aulas.
 - ✓ Lectura individual.
 - ✓ Lectura en gran grupo.
 - ✓ Contacontos.
 - ✓ Dramatizacións.
 - ✓ Recitado de poemas.
 - ✓ Actividades plásticas.
- Actividades na hora de biblioteca.
 - ✓ Lectura individual.
 - ✓ Lectura en gran grupo.
 - ✓ Busca de información.
 - ✓ Realización de pequenos traballos ou de proxectos.
 - ✓ Elaboración de book-trailers de libros.
 - ✓ Actividades plásticas.
- Actividades de lectura compartida.
 - ✓ Actividades internivel como amadriñamentos lectores.
 - ✓ Visita de autores.
 - ✓ Dramatizacións.
 - ✓ Contacontos
 - ✓ Recitado de poemas.

G. RECURSOS HUMANOS

Todo o profesorado así como a toda a comunidade educativa do centro que colaboran neste plan.

H. ITINERARIOS LECTORES PARA ESTE CURSO

Itinerario lector en Educación Infantil:

O profesorado de educación infantil seleccionará aqueles textos que acaian á temática que se estea a traballar e sempre desde a premisa de aportarlle ao alumnado textos e ilustracións de calidade, con variedade de temáticas, formatos e tipoloxías; ademais de velar pola adecuación ao lector e aos seus intereses.

Nesta etapa educativa iníciase o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo e empézase a tecer, desde a escoita das primeiras nanas, arrolos e contos no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. É a etapa da literatura oral por excelencia.

A creación na aula dun espazo cálido e acolledor onde situar a biblioteca favorecerá tamén o achegamento natural á literatura, para construír significados, espertar a súa imaxinación e fantasía, achegalos a realidades culturais propias e alleas e presentarlles outros mundos.

Así mesmo, favoreceremos que o alumnado de infantil coñeza e utilice a biblioteca do centro como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso, gozando e compartindo a escoita e a lectura de textos literarios, e para elo, participando en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.

Itinerario lector en Educación Primaria:

PRIMEIRO CICLO

1º educación primaria	2º educación primaria
<ul style="list-style-type: none">Colección: Miño e coello (6) , Miño e pega (6), Miño e ourizo (5). Ramón	<ul style="list-style-type: none">"Feliz feroz. O lobiño riquiño". El Hematocrítico . Xerais

<p>D. Veiga. Editorial Xerais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Colección Escuela de monstruos: La mascota más grandota (4), Una idea sobre ruedas (4), Dame helado o me deshago (4), Pedos como truenos (5). Sally Pippin. Editorial Montena. • Miquits. Antela Editorial. (17) 	<ul style="list-style-type: none"> • "Rapunzel con piollos". El Hematocrítico. Xerais • "Lobo Ramón". María Canosa Blanco. Obradoiro
--	--

SEGUNDO CICLO

3º educación primaria	4º educación primaria
<p>Para fomentar o gusto, a motivación e os hábitos de lectura, vamos a seguir actuando na liña de traballo de cursos anteriores. O alumnado poderá traer ao aula o libro que considere máis oportuno. Pode ser de calquera tipo: cómics, revistas, contos, novelas... desta forma pretendemos fomentar o gusto pola lectura e non obrigar aos menos e nenas a ler algo que non lles apeteza.</p> <p>A medida que transcorra o tempo poden prestarse os libros entre eles, algo que consideramos enormemente enriquecedor xa que supón intercambiar opinións e preferencias lectoras, o que afondará no desenrolo do seu espírito crítico.</p> <p>A medida que transcorra o curso valoraremos a posibilidade de mercar un libro de lectura común en función dos resultados obtidos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A bruxiña da sorte, Concha Blanco, Oqueleo • El principito, Saint – Exupéry • Bruxa e familia, Paula Carballeira, Oqueleo • Tras la pista <i>del abuelo</i>, Alfredo Gómez Cerdá, Alfaguara Infantil

TERCEIRO CICLO

5º educación primaria	6º educación primaria
<ul style="list-style-type: none">• "El torreón de los enigmas". VVAA. Alfaguara.• "O día que choveron gatos". Eva Mejuto. Xerais.• "Mamá, quero ser Ziggy Stardust ". Iria Misa. Xerais.	<ul style="list-style-type: none">• "Plan de Rescate". Antía Yáñez. ANAYA• "Alma de elefante". Andrea Maceiras. ANAYA• "O Nicolasiño". René Goscinny, Jean-Jacques Sempé. OBRADOIRO• "Hilario e os tres medos". Xoán Babarro González. OBRADOIRO

I. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN

1) Programas de formación de usuarios:

Trátase de adquirir habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento:

- Utilizar diferentes fontes documentais: libros de texto, de consulta, fontes orais, dixitais... Ao longo do curso.

- Que o alumnado coñeza e poña en práctica as sucesivas etapas de tratamento da información: planificación e guiión previo; busca e selección da información; síntese; exposición (oral, en papel, murais, multimedia ...). Ao longo do curso.

Así mesmo, será necesaria a formación de usuarios na ferramenta Koha, intranet que agora mesmo úsase para o empréstito de libros. No primeiro trimestre.

2) Amadriñamentos lectores: realizaranse ao longo do curso entre grupos de diferentes niveis e/ou etapas. A súa organización conlevará a coordinación entre o profesorado participante.

3) Visitas de autores e autoras ou contacontos: buscaremos que nos visiten os autores e autoras dos libros que formen parte do itinerario lector neste curso. Tamén organizaremos outras actividades de dinamización que resulten de interese para o alumnado.

4) Actividades asociadas a conmemoracións:

- ✓ 1º trimestre: Actividades en torno ao **Día das Bibliotecas escolares**, 24 de outubro.
- ✓ 2º trimestre: Actividades en torno ao **Día da poesía**, 21 de marzo.
- ✓ 3º trimestre: Actividades en torno ao **Día do libro**, 23 de abril.
- ✓ Actividades en torno ao PDI neste curso: “Un curso olímpico”.
- ✓ Actividades en torno a outras conmemoracións, coa colaboración de outros equipos, como pode ser:
 - No **Samaín**, selección de contos de medo.
 - No **Día de Rosalía**, 23 de febreiro, faremos unha exposición da biografía e obra desta autora.
 - Estudo da biografía e obra de Luisa Villalta, persoa homenaxeada este ano para a semana das **Letras Galegas**, así como lectura dos seus textos máis representativos.

Non participará todo o centro, senón que serán distribuídas por niveis, isto é debido á gran cantidade que se desenvolven.

Cada unha destas actividades realizarase na semana quen corresponda coa data da súa celebración.

J. LER EN FAMILIA

Este curso intentaremos poñer en funcionamento novamente as “mochilas viaxeiras”. Con esta proposta pretendemos implicar ás familias, fomentar o hábito lector e axudar a crear ambiente lector tamén na casa.

Ademais seguiremos solicitando a súa participación voluntaria para a levar a cabo diversas actividades que desenvolvemos cos alumnos/as.

L. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA

Á hora de avaliar o Plan Anual de Lectura, teremos en conta os seguintes items para cada unha das etapas:

	Infantil	Primaria
Hábito lector	<p>O alumnado iniciouse no desenvolvemento do hábito lector.</p> <p>Existen tempos para a lectura individual, a lectura de adultos e doutros alumnos aos nenos/as.</p> <p>Adoita a realizarse no horario que mellor se adapte á dinámica da aula.</p>	<p>O alumnado adquiriu o hábito lector.</p> <p>Existen tempos para a lectura individual, a lectura de adultos e doutros alumnos aos nenos/as.</p> <p>Adoita a realizarse no horario que mellor se adapte á dinámica da aula.</p>
Mochilas viaxeiras	<p>O abano de textos empregados é variado e responde ao gusto do alumnado.</p> <p>A participación das familias nas actividades propostas arredor das lecturas é satisfactoria.</p>	<p>O abano de textos empregados é variado e responde ao gusto do alumnado.</p> <p>A participación das familias nas actividades propostas arredor das lecturas é satisfactoria.</p>
Educación literaria	<p>Existe valoración positiva das lecturas realizadas.</p> <p>O banco de libros permite lecturas colectivas que despois anima a por en común distintos puntos de vista.</p> <p>Existe variedade de textos: narrativa, poesía e teatro.</p>	<p>Existe valoración positiva das lecturas realizadas.</p> <p>O banco de libros permite lecturas colectivas que despois anima a por en común distintos puntos de vista.</p> <p>Existe variedade de textos: narrativa, poesía e teatro.</p>
Actividades de animación lectora	<p>Resultaron do interese do alumnado.</p> <p>Cumpriron cos obxectivos cos que foron deseñadas.</p>	<p>Resultaron do interese do alumnado.</p> <p>Cumpriron cos obxectivos cos que foron deseñadas.</p>
Proxecto Documental Integrado	<p>O alumnado fai unha valoración positiva da súa participación.</p>	<p>O alumnado fai unha valoración positiva da súa participación.</p>
Fondos	<p>Hai suficientes exemplares como para considerar que</p>	<p>Hai suficientes fondos.</p> <p>As lecturas son actuais e</p>



	<p>existe unha pequena biblioteca. As lecturas son actuais e responden aos intereses do alumnado. Os libros están en bo estado.</p>	<p>responden aos intereses do alumnado. Os libros están en bo estado.</p>
--	---	---